



ANUNCIO

Faise público que en sesión do día 15.11.2024 o tribunal do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de técnico/a de xestión económica e intervención, correspondente a OEP do Concello de Fene do ano 2021, segundo as bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 22.02.2024; procedeu á realizar o estudo e análise das alegacións presentadas. Incorpórase a continuación o detalle do analizado e acordado:

1.- Alegación presentada o día 29.10.2024 polo aspirante con código identificativo FENE2024107720, con número de rexistro 202499900003192, en relación á valoración outorgada polo tribunal ás preguntas 3 do primeiro suposto, pregunta 2a) do segundo suposto e pregunta 2b) do segundo suposto.

- a) Valoración da pregunta nº 3 do primeiro suposto: o tribunal asignou 0,2083 puntos a esta resposta, considerando que se valoraba o 50% dun apartado mencionado dos tres que correspondía sinalar para que a resposta fora correcta.

Así, o criterio empregado para a valoración do Suposto nº 1, Pregunta nº 3 fora o seguinte: no caso de que o cálculo da cifra do remanente de tesourería para gastos xerais da pregunta anterior fora positiva, dado que a resolución correcta do exercicio tería que dar lugar a un remanente de tesourería negativo, non se valoraría a resposta. Se a cifra do remanente de tesourería resultante da pregunta nº 2 fora negativa, valoraríase a resposta en función das medidas a adoptar que se propuxeran, tendo en conta que o total de puntos que se lle outorga a esta pregunta (1,25 puntos) dividiríase entre as 3 posibles medidas que se poderían adoptar.

Neste caso, considera o tribunal que a resposta dada non está debidamente razonada de xeito completo, segundo o previsto no artigo 193.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante Real decreto 2/2004, de 5 de marzo; toda vez que tampouco se menciona por parte do aspirante o artigo no que se fundamenta a medida proposta.

En consecuencia, o tribunal, revisada a puntuación outorgada e a súa motivación, mantén a puntuación inicial asignada.

- b) Valoración do apartado a) do segundo suposto: o tribunal asignou 0 puntos a esta resposta.

O criterio empregado para a valoración do Suposto nº 2, Pregunta nº 2 a) foi o seguinte: divídese o total de puntos (0,5) tendo en conta que debe mencionarse como resposta correcta dúas modificacións orzamentarias, e debe razoarse cada unha delas. Entón divídese o total de 0,5 puntos entre 4 aspectos a valorar (dúas modificacións orzamentarias e o razoamento de cada unha delas).

Revisada a resposta, efectivamente advírtese por parte do tribunal que o aspirante mencionara as dúas modificacións orzamentarias e a razón de ser das mesmas. En consecuencia, procede corrixir a puntuación outorgada, de xeito tal que debe valorarse esta pregunta en 0,5 puntos.

- c) Valoración da alegación nº 3 referida as aplicacións orzamentarias empregadas en referente á aplicación informática que debía indicarse na resposta ao apartado a) do segundo suposto. O tribunal valorou dúas aplicacións correctas (partida correspondente ao gasto de soldos e a partida de imputación do gasto de material de oficina), pero o tribunal non considerou correcta a aplicación dada polo aspirante para a aplicación informática, por considerar esta adquisición como un gasto corrente en lugar de como un gasto de investimento.

C-0
096
150
-P
-F
-E
-C

CVD: koMowEY411mMKJzC84LO
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



O tribunal considera que o enunciado di claramente que se trata da adquisición dunha aplicación informática de geolocalización, e que en ningún momento se menciona no enunciado do suposto aspecto algún que poida dar lugar a que se interprete como se trata de algo temporal.

En consecuencia, o tribunal, revisada a puntuación outorgada e a súa motivación, mantén a puntuación inicial asignada ao detalle das aplicacións orzamentarias que se detallaron nesta pregunta por parte do aspirante.

En consecuencia, o tribunal acorda desestimar a alegación primeira e terceira presentada, e sí estima a segunda alegación, asignando á pregunta 2a) do segundo suposto 0,5 puntos en lugar dos 0 puntos outorgados inicialmente.

De acordo co previsto nas bases reguladoras deste proceso selectivo, á vista das reclamacións que se presentaron e, tendo en conta que no caso de seren estimadas polo tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, o tribunal considera que as puntuacións definitivas correspondentes ao terceiro exercicio presentan o seguinte detalle:

CÓDIGO	SUPOSTO 1				SUPOSTO 2											TOTAL 1	TOTAL 2	TOTAL	
	1,25	1,25	1,25	1,25	1	0,5	0,5	0,5	0,5	1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				10
	PREGUNTAS																		
	1	2	3	4	1	2 a)	2 b)	2 c)	2 d)	2 e)	3 a)	3 b)	3 c)	3 d)	3 e)				
FENE2024403518	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
FENE2024553767	0,7142	0,3846			0,35	0,25	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1,0988	0,6	1,6988
FENE2024107720	1,25	0,9615	0,2083	0,4545	0,95	0,5	0,166	0	0,2	0,25	0,2	0,2	0	0	0	2,8743	2,466	5,3403	
FENE2024590837	1,25	1,05769	0	0,5113	1	0,25	0,055	0	0	0,5	0,2	0,2	0	0	0	2,81899	2,205	5,02399	
FENE2024126328	1,25	0,7692	1,25	0	0,2	0,25	0,055	0,5	0,5	0,5	0,2	0	0	0	0	3,2692	2,205	5,4742	
FENE2024709789	0,8928	0,8653	0	0	0,35	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1,7581	0,35	2,1081	
FENE2024469707	0,5357	0,8653	0	0,3409	0	0,5	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1,7419	0,5	2,2419	
FENE2024678800	0	0	0	0	0	0,25	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,25	0,25	
FENE2024397407	1,25	0,9615	0	0,5681	0,8	0,5	0,2777	0	0	0,5	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	2,7796	3,0777	5,8573	
FENE2024360549	1,25	0,7692	0	0	0,95	0,25	0	0	0	0,25	0	0	0	0	0	2,0192	1,45	3,4692	

De acordo coas bases reguladoras deste proceso selectivo, o tribunal acorda publicar a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

E, así mesmo, o tribunal acorda realizar en sesión pública a apertura do sobre que contén os datos identificativos de todas aquelas persoas que participaron no terceiro exercicio da oposición realizada o día 05.09.2024. A tal efecto, todas aquelas persoas que participaron na proba, poderá asistir á dita apertura, que terá lugar o vindeiro mércores, 20 de novembro, ás 9:00 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello de Fene.

Asinado dixitamente pola secretaria do tribunal Sonia Lorenzo Barbeito